

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE ADMINISTRADORES DE FINCAS DE GALICIA (COAFGA) E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA AUDITORÍA SOCIOLABORAL DE XÉNERO E DA PREVENCIÓN DO ACOSO E DA VIOLENCIA DE XÉNERO NAS ORGANIZACIÓNS (AGAXEN), PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E O ACOSO SEXUAL NO ENTORNO VECIÑAL**

Santiago de Compostela 24 de maio de 2022

**REUNIDOS**

Dunha banda, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Martín Bermúdez de la Puente González, presidente do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), con NIF Q1567001A, que actúa en nome e representación de COAFGA, en virtude da súa condición de presidente, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 3 dos seus estatutos.

E doutra, María Angeles García Pérez, representante legal da Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións (AGAXEN), co NIF-G94161833, que actúa en nome e representación da mesma, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 20 e 21 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en

materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

**Segundo.-** Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e na demais lexislación aplicable na materia.

**Terceiro.-** Que a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 23 de xullo, recolle no seu artigo 3 apartado c) que o acoso sexual é unha forma de violencia de xénero.

**Cuarto.-** Que a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 23 de xullo, establece no seu artigo 6 que *"o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero"*. No mesmo artigo 6 tamén se establece que a Xunta de Galicia levará a cabo accións de sensibilización dirixidas á poboación masculina, que incida na necesidade de promover unha sociedade máis igualitaria entre homes e mulleres.

**Quinto.-** Que a Disposición Adicional segunda da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 23 de xullo establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás

mulleres que sofren violencia de xénero.

**Sexto.-** Que o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia. Así mesmo no artigo 59 dos seus Estatutos recóllese entre as finalidades básicas de COAFGA, a de "procurar manter a mellor relación e convivencia entre as persoas propietarias" nas comunidades que administran.

**Sétimo.-** Que AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co nº E6757, e segundo o disposto nos artigos 1 e 2 dos seus estatutos, constitúese como unha entidade asociativa con personalidade xurídica propia. Así mesmo nos estatutos de AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións se recolle entre as súas finalidades básicas as de fomentar o interese polo estudo e investigación en materias socio-laborais e de xénero, prevención do acoso laboral, sexual e por razón de sexo e prevención da violencia de xénero, así como calquera outra discriminación ilícita no ámbito do traballo.

**Oitavo.-** Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren.

A violencia de xénero é un delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, polo que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para a súa detección e para ofrecer axuda ás súas vítimas.

**Noveno.-** Que o Convenio de Istambul, que entrou en vigor de forma xeral e para España o 1 de agosto de 2014, recolle no seu artigo 9 que os membros fomentarán e apoiarán a todos os niveis o traballo das Organizacións non Governamentais pertinentes e da sociedade civil que sexan activas na loita contra a violencia contra as mulleres e establecerán unha cooperación efectiva coas ditas organizacións.

Por un lado, dado o contacto tan directo que as persoas colexiadas integradas en COAFGA que se dedican profesionalmente á Administración de fincas teñen cos propietarios e propietarias dos inmobles nos que se desenvolven as súas tarefas, colócaos nunha situación privilexiada para transmitir información ás persoas propietarias.

Por outro lado, destacar o papel tan activo que na prevención e loita contra a violencia de xénero que AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas organizacións está a levar en Galicia, fundamentalmente no ámbito de empresa e das organizacións laborais.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer unha liña de colaboración conxunta con ambas entidades, e propónse a colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e con AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións por as que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, para o apoio na prevención e detección de situacións de violencia de xénero entre comunidades de propietarios e propietarias nas que estean presentes os administradores e administradoras de fincas colexiados/as por mor do seu exercicio profesional, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres que se elabore conxuntamente entre as entidades e a Secretaría Xeral da Igualdade, ou que este departamento poña a súa disposición coa finalidade de procurar a maior difusión posible do

mesmo.

O carácter singular do presente convenio ven determinado por razóns de interese público e cómpre sinalar que na nosa comunidade autónoma, no pasado ano 2020 presentáronse máis de 6.000 denuncias por violencia de xénero, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás vítimas e leva a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente colaboración.

### Segunda.- Compromiso das partes

a) A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que elabore, ao Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións e para a elaboración de contidos para accións formativas sobre a violencia de xénero a incluír nos seus programas de formación se é o caso, de xeito que permita ás e aos profesionais membros de ambas organizacións ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

b) O Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) comprométese a facilitarlle ás persoas colexiadas canta información lle sexa requirida en relación á prevención e detección de situacións de violencia de xénero e do acoso sexual, así como a distribuír e difundir por distintos medios (físicos, portais web, redes sociais, etc.), entre todos os seus colexiados, o material que se elabore no marco de colaboración establecida neste convenio, así como aquel outro que a Secretaria Xeral da Igualdade poña á súa disposición, colocando o dito material en lugares visibles e accesibles para as persoas que integran as comunidades de propietarios e propietarias que administran, coa finalidade de procurar a maior difusión posible do mesmo, e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero.

c) AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, comprométese igualmente a facilitar canta información lle sexa requirida en relación á prevención e detección de

situacións de violencia de xénero e do acoso sexual, a difundir esta iniciativa entre todas as persoas que a integran, as entidades públicas ou privadas coas que teñan relacións e contribuír mediante a sensibilización social nos diferentes ámbitos nos que está presente no rexeitamento da violencia de xénero, apoiando ademais na difusión do material informativo que se puidese facilitar por parte da Secretaría Xeral da Igualdade e facilitando contidos específicos sobre a violencia de xénero nas contornas de traballo.

### **Terceira.-Financiamento**

Para a execución das actividades que leva consigo o desenvolvemento deste Convenio a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, articulará os instrumentos axeitados para sufragar o seu custo, mediante os mecanismos que se considere oportuno conforme a dereito.

### **Cuarta.- Duración**

O Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

### **Quinta.- Inexistencia de relación laboral**

A suscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes do Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) ou de AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

### **Sexta.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.

- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- A finalización da vixencia.

#### **Sétima.- Protección de datos**

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a entidades Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións, en calidade de encargadas do tratamento realizarán actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

#### **Oitava.- Publicidade e rexistro do convenio**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da persoa beneficiaria a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

#### **Novena.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algunha persoa funcionaria desa Secretaría, e, por parte da entidades asinantes, pola persoa que teña atribuídas as funcións de presidencia ou de secretaria, ou pola persoa que a substitúa.

A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Décimo.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e por as demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, por as normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado, no lugar e data arriba indicados.

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

  
XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE  
CONSELEIRA  
María Jesús Lorenzana Somoza

O presidente do Colexio Oficial de  
Administradores de Fincas de Galicia



Martín Bermúdez de la Puente  
González del Valle

A presidenta da Asociación Galega de  
Profesionais de Auditoría Sociolaboral de  
Xénero e da Prevención do Acoso e da  
Violencia de Xénero nas Organizacións



María de los Ángeles García Pérez